



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 19 de decembro de 2019**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Abel Losada Álvarez  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font  
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás doce horas e cincuenta minutos do día dezanove de decembro de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1102).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1103).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN “ATENEO MUSICAL DE BEMBRIVE” PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, MEDIANTE O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA AULA DA BANDA DE MÚSICA. EXPTE. 8983/320.**

Visto o informe de fiscalización do 18/12/19, dáse conta do informe xurídico-proposta de data 18/12/19, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá , o concelleiro-delegado de Área e o concelleiro-delegado de orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 03/07/2019, Don Ramón Rodríguez Orge (DNI: 36035026Y), en calidade de presidente da "Asociación Ateneo Musical de Bembrive" (CIF: G36784197), achegou escrito (doc. 190102639), solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para o fomento das actividades da entidade, mediante o financiamento das obras de acondicionamento da aula da Banda de Música.

II. Segundo a documentación presentada, será o presidente, Don Ramón Rodríguez Orge, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. A "Asociación Ateneo Musical de Bembrive", seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
  - Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 21/10/19
  - Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 20/08/19
  - Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 20/08/19
  - Certificado do Concello de Vigo, de data 22/08/19

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitud de convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable da presidenta da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento estimado equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:



## Concello de Vigo

<b>ORZAMENTO DE GASTOS OBRA LOCAL MÚSICA</b>	
Instalación de ventilación/renovación de aire na aula de música	6.555,78 €
Honorarios proxecto (Mónica Córdoba López)	583,12 €
C.P. para instalación modelo CP – 005 Modelo 870	53,12 €
Autoliquidación imposto modelo 005	195,69 €
<b>TOTAL</b>	<b>7.387,71 €</b>

<b>ORZAMENTO DE INGRESOS (01/11/2018 - 30/09/2019)</b>	
Convenio colaboración Participación Cidadá	7.387,71 €
<b>TOTAL</b>	<b>7.387,71 €</b>

8. Información explicativa do desenvolvemento das obras propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúe:

- Copia do convenio entre o Concello de Vigo e a Entidade Local Menor de Bembrive de data 30/01/1995 para a construción do local social onde se vai a realizar a obra da aula de música da Asociación ATENEO Musical de Bembrive, xa que ocupan un local da citada entidade.
- Autorización da Entidade Local Menor de Bembrive para a realización das obras de mellora da aula de música do ATENEO Musical de Bembrive.
- Memoria técnica das obras a realizar, orzamento de execución, e fotografías do estado inicial da intervención.
- Tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso de obra. A elección das ofertas presentadas realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente na memoria técnica a elección cando non recaia na proposta económica mais ventaxosa.
- Orzamento dos gastos dos honorarios correspondentes á elaboración da documentación técnica legalmente esixible: proxecto técnico, direccións de obra, etc.
- Cronograma das obras e o lugar de realización.
- Comunicación previa da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, para a execución das obras.
- Fotos da cartelería onde apareza a Concellería como patrocinio das obras a realizar.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, de conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 26/12/1994, a asociación “*Ateneo Musical de Bembrive*” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 364/94.

V. O vixente exercicio orzamentario (2019) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 26/12/2018, inclúe expresamente a partida 9240 7800001 “*Mellora Local Banda de Música de Bembrive*”, cunha dotación orzamentaria de 10.000,00 €.

VI. En data 25/10/2019 o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 22/08/2019 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **I. OBXECTO**

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa por importe de 10.000 € á Asociación “*ATENEO Musical de Bembrive*” (CIF: G36784197), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos da obra de mellora da Aula da Banda de Música.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa Asociación “*ATENEO Musical de Bembrive*”.

A Asociación “*ATENEO Musical de Bembrive*”, de conformidade co art. 4 dos seus Estatutos, e entre os seus fins e obxectivos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, destacan os seguintes:

- ✓ A difusión e divulgación da música.
- ✓ A participación de xoves e maiores nunha actividade enriquecedora.
- ✓ O fomento de afeccións e actividades musicais.
- ✓ A promoción, investigación e conservación da música nos seus diversos estilos.
- ✓ A formación que contribúa á mellora cultural dos seus asociados.
- ✓ Calquera outro que por analoxía cos anteriores poida xurdir no futuro.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.



**Concello de Vigo**

## **II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES**

Dunha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio, correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, Abel Lozada Álvarez (segundo Decreto da Alcaldía de delegación de competencias do 18/06/2019).

Doutra parte, asinará o convenio D. Ramón Rodríguez Orge, con DNI 36035026Y en calidade de Presidente da Asociación “Ateneo Musical de Bembrive” (CIF: G36784197), con domicilio fiscal na Alameda do Torreiro, s/n de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 8983/320.

## **III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria Xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportuni-

dade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coas demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

#### **IV. PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DIRECTA**

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegadas ao expediente, a entidade non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019), sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

#### **V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

O vixente exercicio orzamentario (2019) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 26/12/2018, inclúe expresamente a partida 9240 7800001 "*Mellora Local Banda de Música de Bembrive*", cunha dotación orzamentaria de 10.000,00 €.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á Asociación ATENEO Musical de Bembrive son gastos para obras de mellora da aula da Banda de Música.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación de-



## Concello de Vigo

berá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

### **VI. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA**

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019), sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo có art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **20 de decembro de 2019**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicitábase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

## **VII. PUBLICIDADE**

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no presuposto.

## **VIII. ÓRGANO COMPETENTE**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

## **RÉXIME DE RECURSOS**

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.





## Concello de Vigo

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO

**PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR** o gasto por importe de **10.000,00 €** (dez mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240. 7800001 denominada "*Mellora Local Banda de Música de Bembrive*", incluída no vixente orzamento municipal de 2019.

**SEGUNDO. - APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "Asociación ATENEO Musical de Bembrive" (CIF.- G36784197), mediante a colaboración do Concello no financiamento das obras de mellora da aula da Banda de Música, necesarias para o desenvolvemento das súas actividades e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de **10.000,00 €** (dez mil euros).

**TERCEIRO.-** Facultar ao concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá D. Abel Losada Álvarez para asinar o citado convenio, de ser precisa a substitución do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

**CUARTO.-** Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN “ ATENEO MUSICAL DE BEMBRIVE” PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, MEDIANTE O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA AULA DA BANDA DE MÚSICA

**REUNIDOS**

Dunha parte, D. Abel Losada Álvarez, na súa calidade de Concelleiro Delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Ramón Rodríguez Orge, con DNI 36035026Y en calidade de Presidente da Asociación “Ateneo Musical de Bembrive” (CIF: G36784197), con domicilio fiscal na Alameda do Torreiro, s/n de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 8983/320.

E, actuando dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

**MANIFESTAN**

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, fundacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, sociais, sanitarias, culturais, artísticas educativas, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario e socioculturais que redundan en beneficio da cidadanía.



## Concello de Vigo

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento do asociacionismo e da participación cidadá, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a atender as necesidades sociais, comunitarias e culturais dos veciños, sendo a asociación “*Ateneo Musical de Bembrive*” unha destas entidades que perseguen estes obxectivos.

III.- Que, de conformidade co art. 4 dos seus Estatutos, a entidade “*Ateneo Musical de Bembrive*”, entre os seus fins e obxectivos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, ten os seguintes:

- ✓ A difusión e divulgación da música.
- ✓ A participación de xoves e maiores nunha actividade enriquecedora.
- ✓ O fomento de afeccións e actividades musicais.
- ✓ A promoción, investigación e conservación da música nos seus diversos estilos.
- ✓ A formación que contribúa á mellora cultural dos seus asociados.
- ✓ Calquera outro que por analogía cos anteriores poida xurdir no futuro.

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 26/12/1994, a asociación “*Ateneo Musical de Bembrive*” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 364/94.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a entidade “*Ateneo Musical de Bembrive*” leve a cabo os proxectos e actividades musicais, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento da mellora do local da banda de música, sita en avenida Alameda do Torreiro, s/n., necesario para o desenvolvemento das súas actividades.

VI.- - Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, aprobado polo Pleno Xeral en sesión ordinaria do 26/12/2018, a partida orzamentaria nº 9240 7800001, denominada “*Mellora Local Banda de Música de Bembrive*”, nominativa a favor da entidade, cunha asignación presupostaria de 10.000,00 €.

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír ao financiamento das obras de mellora do local da banda de música, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade, cuxa contía total segundo orzamento estimado de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

<b>ORZAMENTO DE GASTOS OBRA LOCAL MÚSICA</b>	
Instalación de ventilación/renovación de aire na aula de música	6.555,78 €
Honorarios proxecto (Mónica Córdoba López)	583,12 €
C.P. para instalación modelo CP – 005 Modelo 870	53,12 €
Autoliquidación imposto modelo 005	195,69 €
<b>TOTAL</b>	<b>7.387,71 €</b>

VIII.- Que a entidade “*Ateneo Musical de Bembrive*” non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

IX.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese público, social, cultural, formativo, informativo... que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “*Ateneo Musical de Bembrive*”, o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, no ámbito sociocomunitario, cultural, formativo, informativo e artístico, co obxecto de contribuír ao fomento do asociacionismo e da participación cidadá, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

### **PACTOS**

**Primeiro.**- A entidade “*Ateneo Musical de Bembrive*” comprométese a colaborar coa concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as obras que motivan a concesión da subvención, de instalación de ventilación para o acondicionamento térmico da súa aula de música.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades subvencionadas.
4. Aboar as taxas, impostos e demais gastos derivados da execución das instalacións previstas.
5. Achegar ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa final xunto a correspondente memoria



## Concello de Vigo

económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.

6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar tanta información e documentación se lle solicite ao efecto.

8. En xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

9. Identificar un dispositivo electrónico (teléfono móbil ou similar) e unha dirección de correo electrónico que servirán para o envío dun aviso de notificación da posta á disposición das notificacións. Estes avisos terán unicamente carácter informativo, en ningún caso, efecto de notificación practicada.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poda acceder ó seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**Segundo.**- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade "*Ateneo Musical de Bembrive*" unha subvención por importe máximo de **10.000,00 € (dez mil euros)** con cargo a aplicación orzamentaria nº 9240 7800001, denominada "*Mellora Local Banda de Música de Bembrive*", do vixente orzamento municipal (2019), co obxecto de colaborar co financiamento da mellora das instalacións do local da banda de música, necesarios para o desenvolvemento das actividades na súa aula de música sita na Alameda do Torreiro, s/n de Vigo, para o desenvolvemento das actividades musicais, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa da asociación "*Ateneo Musical de Bembrive*".

3. Achegar o informe de conformidade da Xerencia Municipal de Urbanismo respecto do cumprimento de requisitos esixibles na execución das obras subvencionadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, da realización das obras subvencionadas, necesarias para o desenvolvemento das súas actividades na aula de música, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os xuros de mora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

**Terceiro.**- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as obras subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Cuarto.**- Se o custe total da obra subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención, as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.**- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio.

**Sexto.**- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Sétimo.**- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da obra subvencionada, necesaria para o desenvolvemento das actividades da aula de música, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, desde a aprobación do convenio ata o 31/12/2019, en lugar preferente e perfectamente visible da aula de música da entidade, un cartel publicitario anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo.



## Concello de Vigo

**Oitavo.**- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre as cuestións que poidan xurdir ao longo da vixencia do presente convenio e solución de posibles controversias. Estará composta por dous representantes da Asociación e dous técnicos municipais, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área (ou persoa na que delegue).

**Noveno.**- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto subvencionado. A xustificación da subvención realizarase polo “*Ate-neo Musical de Bembrive*”, mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **20 de decembro de 2019**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

- a) Solicitude de abono da subvención asinada electrónicamente.
- b) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do docu-

mento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun “x” diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada xustificarse con copias dixitalizadas asinadas dixitalmente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

c) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas dixitalmente** que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso, se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- no seu caso, xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado

d) Achegarase informe conforme a obra está rematada asinado por técnico competente.





## Concello de Vigo

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executado na súa totalidade con un custe total de.....(importe total do proxecto).

h) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

**Décimo.-** A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria ao IBAN número ES21 2080 5086 1430 4000 3582 (ABANCA)

**Décimo primeiro.-** Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Décimo segundo.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da obra subvencionada e se realicen no ano 2019.

**Décimo terceiro.**- A realización da obra subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá. A xefa do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a obra subvencionada.

**Décimo cuarto.**- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo quinto.**- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo sexto.**- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo sétimo.**- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.



## Concello de Vigo

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

**Décimo oitavo.**- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Décimo noveno.**- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

**Vixésimo.**- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,

### **3(1104).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN GALEGA DE DOMINÓ PARA COLABORAR NA FINANCIACIÓN DO XXVIII CAMPIONATO DE ESPAÑA DE DOMINÓ POR PARELLAS NA CIDADE DE VIGO. 9320/320.**

Visto o informe de fiscalización do 19/12/19, dáse conta do informe xurídico-proposta de data 17/12/19, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá, o concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro electrónico do Concello de Vigo o 05/11/2019 (COD. SOLICITUDE: W387320-1021, achégase solicitude da FEDERACIÓN GALEGA DE DOMINÓ (NIF G-15858723), de subvención para o Campionato de España de Dominó.

II. A FEDERACIÓN GALEGA DE DOMINÓ (NIF: G15858723), consta inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia por Resolución do 08/07/2002, con núm. 2002/000022-2ª, conforme á Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociacións, como asociación sen ánimo de lucro, constando coma presidente e representante da mesma, Don Manuel Seoane Candal (326.15\*.\*\*\*- Z).

III. Segundo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
- Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 13/12/19
- Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 17/12/2019
- Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 13/12/2019
- Certificado do Concello de Vigo, de data 22/08/19

Así mesmo, a entidade beneficiaria achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do representante da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento estimado equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:



## Concello de Vigo

<b>ORZAMENTO DE GASTOS</b>	
Compra de 110 dominós	3.264,94 €
Lunch de clausura do torneo	2.100,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>5.364,94 €</b>

<b>ORZAMENTO DE INGRESOS</b>	
Subvención Participación Cidadá	5.364,94 €
<b>TOTAL</b>	<b>5.364,94 €</b>

### 8. Memoria explicativa do programa de actividades.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. En data 13/12/2019 o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente procedemento.

V. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 13/12/2019 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

#### COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA:

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente ex-

pediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

Son fins da FEDERACIÓN GALEGA DE DOMINÓ, segundo o disposto nos seus Estatutos, a tutela, fomento, regulación, organización e desenvolvemento de todo o que concerne ao deporte do dominó en calquera das súas modalidades no seu ámbito autonómico, sen menoscabo da competencia territorial e baixo a dependencia xerárquica da Federación Española de Dominó ou das Organizacións Internacionais nas que poida integrarse.

Neste sentido e de conformidade co acordo adoptado o 16/01/2019 pola Xunta Directiva da Federación Española de Dominó, a Federación Galega ten encomendada a organización do XXVIII Campionato de España de Dominó por Parellas, torneo que ven celebrándose de xeito constante con carácter anual en distintas cidades do territorio español, alí onde a Federación Española dispón de sedes representativas. A elección da cidade de Vigo atende á consideración de que dispón das condicións necesarias para ser considerada pola Federación como *sede ideal* do Torneo, polo apoio amosado polas autoridades municipais ao desenvolvemento de eventos deportivos e culturais, que debe ser recompensado coa elección da cidade para promocionar o deporte do Dominó alí onde poida acadar unha maior difusión, e que sumará á posibilidade de que os participantes e seguidores do Campionato Nacional poidan disfrutar dos atractivos turísticos que ofrece a cidade. A elección de Vigo coma sede do Torneo achega á numerosa colonia de xogadores de dominó existentes tanto na propia cidade de Vigo coma en toda a Comunidade Galega a oportunidade de enfrentarse a xogadores vidos de toda España nunha competición en busca do éxito e da amizade que proporciona o Campionato.

Desta vontade común, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente, colaborando na axuda ao financiamento da organización dun evento de interese público, social e cultural para a cidade de Vigo.

De conformidade co anterior, reflíctese o interese público, social e cultural, a competencia administrativa e a necesidade e oportunidade da concesión da presente subvención ao proxecto subvencionado e ao interese público que persegue e que se considera suficiente, xunto coa documentación que obra no expediente, ao cumprimento do previsto na lei.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria da subvención, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e frónte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

#### **PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA:**

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión terá o carácter de **BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN:**



## Concello de Vigo

### ***I. OBXECTO DA SUBVENCIÓN E ENTIDADE BENEFICIARIA:***

O obxecto do presente expediente é a concesión directa dunha subvención por importe de **5.364,94 €** á FEDERACIÓN GALEGA DE DOMINÓ (NIF V-15858723), polo interese público, social e cultural que para a cidade de Vigo representa ser a sede da XXVIII edición do Campionato de España de Dominó por Parellas, para colaborar na financiación dos gastos de organización do evento que nesta edición se celebra na cidade de Vigo durante os días 6 e 7 de decembro, entre parellas chegadas de distintas localidades de España e, cuxa participación se estima en 240 parellas.

### ***II. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO:***

O vixente exercicio orzamentario (2019) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 26/12/2018, inclúe a partida **9240 4890000 “SUBVENCIÓNS A ENTIDADES CIDADÁS”**, con dotación orzamentaria con cargo á que se imputa a presente subvención por importe de **5.364,94 €**.

O orzamento do proxecto subvencionado achegado pola entidade beneficiaria considérase axeitado.

### ***III. COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN:***

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, se procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

#### **IV. PRAZOS E RÉXIME DE PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN:**

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria ao IBAN número:

ES33 2080 0127 7130 4000 7090 (ABANCA).

#### **V. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA:**

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38ª.4.2, polo que respecta á regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario, a xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio da beneficiaria, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A xustificación da subvención realizarase pola Federación Galega de Dominó, mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións das presentes bases reguladoras da concesión da subvención. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **20 de decembro de 2019**.

A documentación esixida debe asinarse electronicamente antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo:

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención asinada electrónicamente.

b) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e re-





## Concello de Vigo

flectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

c) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas dixitalmente** que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso, se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- no seu caso, xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención

d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

e) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

f) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.

- Cando se xustificuen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).

- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executado na súa totalidade con un custe total de.....(importe total do proxecto).

h) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

## **VI. PUBLICIDADE**

A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, debendo colocar en lugar preferente e perfectamente visible un cartel publicitario anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo.

Consta achegado ao expediente, o cartel informativo do evento.

A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e debendo rexistrarse na BDNS no momento da concesión da subvención, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

## **VII. ÓRGANO COMPETENTE**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o presente acordo e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.



## Concello de Vigo

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitírase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

### RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO

**PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR** o gasto por importe de **5.364,94 €** (cinco mil trescentos sesenta e catro euros con noventa e catro céntimos), con cargo á partida orzamentaria nº **9240 4890000 “SUBVENCIÓNS A ENTIDADES CIDADÁS”** do vixente orzamento municipal de 2019.

**SEGUNDO. - CONCEDER á FEDERACIÓN GALEGA DE DOMINÓ (NIF: G15858723)**, unha subvención por importe de **5.364,94 €** (cinco mil trescentos sesenta e catro euros con noventa e catro céntimos), para colaborar na financiación da organización do **XXVIII Campionato de España de Dominó por Parellas**, que nesta edición se celebra na cidade de Vigo durante os días 6 e 7 de decembro.

**TERCEIRO.-** Facultar ao concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá D. Abel Losada Álvarez para asinar o citado convenio, de ser precisa a substitución do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

**CUARTO.-** Rexistrar os datos da concesión da presente subvención, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicación no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(1105).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DAS OBRAS DE “MELLORA DO ENTORNO DA PRAZA AMÉRICA”. EXPTE. 95/441.**

Visto o informe xurídico do 9/12/19 e o informe de fiscalización do 17/12/19, dáse conta do informe-proposta de data 17/12/19, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, a xefa do Servizo de Contratación, o concelleiro-delegado de Fomento e Servizos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES**

**1.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 24 de agosto de 2018, acordou: «Aprobar o proxecto de “MELLORA DO ENTORNO DA PRAZA AMÉRICA”, redactado pola Arquitecta, Dna. Iria Urdampilleta Pérez, cun orzamento base de licitación, máis IVE, de UN MILLÓN NOVECIENTOS MIL EUROS (1.900.000,00 €) e data 29 de xuño de 2018 e sinatura dixital de data 13 de agosto de 2018».

**2.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 27 de decembro de 2018, entre outros acordou: “Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Mellora do entorno da praza América” (95-441) por un prezo total de 1.411.890,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 245.038,76 euros. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

**3.-** En data 2 de xaneiro de 2019 o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Contratación e Limpeza resolveu nomear como titulares da Dirección Facultativa das citadas obras aos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos D. XACOBÉ PAZ SALGADO e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS.



## Concello de Vigo

- 4.- Con data 9 de xaneiro de 2019 formalizase o contrato das obras de "Mellora do entorno de praza América" entre o Concello de Vigo e Civis Global S.L., firmándose na mesma data a acta de comprobación de replanteo, e dando comezo as obras ao día seguinte.
- 5.- Con data 6 de maio de 2019, a Dirección facultativa da obra solicita ao órgano de contratación autorización de inicio do expediente de modificación do proxecto de obras de "MELLORA DO ENTORNO DA PRAZA AMÉRICA", coa posibilidade de modificación da base económica inicial do proxecto.
- 6.- Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local, en data 9 de maio de 2019, acordou: Autorizar o inicio do expediente de modificación do proxecto de obras de "MELLORA DO ENTORNO DA PRAZA AMÉRICA", redactado pola Arquitecta Dña. Iria Urdampilleta Pérez.
- 8.- En data 22 de maio de 2019, emítase acta de suspensión temporal das obras, motivada pola tramitación e redacción da modificación do proxecto de obras de "Mellora do entorno da praza América", a cal é asinada pola Dirección Facultativa, o representante do Contratista e o Responsable do contrato, dende o período comprendido entre o 22 de maio de 2019 ata a aprobación definitiva do Modificado nº1 das citadas obras.
- 9.- Pola dirección facultativa da obra emítase informe que consta no expediente, de datas 7 e 8 de novembro de 2019, no seguinte senso:

### **I.- ANTECEDENTES**

(...)

*As circunstancias que determinan o modificado se encontran recollidas no apartado C da cláusula 14 do PCAP, que rexe a contratación das obras: "Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas, estado das estruturas e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto (...)"*

*Neste sentido, se presenta o Proxecto Modificado nº 1, que describe de forma detallada os cambios producidos para adaptar o proxecto vixente á realidade existente, tendo en conta as circunstancias encontradas non previsibles con anterioridade e de acordo coas circunstancias descritas no PCAP que rexen a contratación das obras.*

### **II.- MODIFICACIÓNS**

#### **SOLUCIÓN TÉCNICA DIFERENTE DA CONTIDA EN PROXECTO PARA A CANALIZACIÓN DE AUGAS DE DRENAXE SUPERFICIAL ENTRE GRAN VÍA E A RÚA CORUÑA.**

*O proxecto orixinal a executar recolle a nova rede de drenaxe no ámbito de actuación. No tramo entre Gran Vía e a rúa Coruña inclúese solución para dar cabida as previsións do Plan Director de Saneamento de desaugar colector de diámetro 1.500 mm. Para iso, entre o límite de actuación próximo a Gran Vía e o paso inferior en túnel existente proxéctase taxa de 3000x600 mm (de sección equivalente ao futuro colector de 1.500 mm que baixe pola Gran Vía), atravesase o túnel mediante tres colectores en paralelo de sección 900 mm cada un, pola parte superior da estrutura soterrada, continuando ata interceptar ao colector existente na rúa Coruña co colector existente de 1.800 mm de diámetro.*

Unha vez comezada a obra, e iniciada a escavación por enriba do túnel existente, comprobouse que coa altura dispoñible para o paso da citada taxea, considerando a menor pendente posible para que circulen as augas con garantía, dita taxea desenrolaríase fora do ámbito de actuación en Gran Vía, practicamente na cota de superficie actual, sen resguardo, o que faría inviable a súa posta en funcionamento, ademais de interceptar a liña de media tensión detectada tamén fora do ámbito de actuación.

Debido a elo, estudouse a redefinición da rede de pluviais proxectada no entorno do paso inferior, no tramo entre Gran Vía e Rúa Coruña, con execución de novas redes soterradas baixo o paso inferior ou aproveitar as redes existentes de fecais, e os cruces de tubaxes existentes baixo a lousa do paso inferior, de modo que se manteñan as previsións do dimensionamento de proxecto de desaugue do Plan Director de Saneamento e sexa viable tanto xeométricamente como a súa execución con seguridade para os operarios e os usuarios do entorno.

Unha vez estudadas as metodoloxías construtivas e as redes soterradas existentes e a súa funcionalidade e capacidade, conclúese que a proposta máis favorable é converter o ovoide existente que baixa pola Gran Vía e que conecta coa rúa Coruña pasando por debaixo do túnel de Praza de América, como colector de pluviais que permita desaguar a conca prevista no Plan Director de Saneamento, polo que se prantexa a súa rehabilitación, no ámbito da obra, con manga interior que mellore a súa capacidade portante así como as condicións hidráulicas así como a redefinición das redes do entorno neste sentido, como se recolle nos planos de pluviais e saneamento do proxecto modificado presentado.

O proxecto modificado, reforza os colectores existentes, mediante manga de 1.000 mm. e 1.200 mm. para os diferentes diámetros e recolle as afeccións das redes de pluviais e saneamento e os pozos previstos no ámbito.

En relación á xustificación do presente expediente do modificado, debemos atender a que no apartado 14 das FEC (Follas Específicas do Contrato) do Prego de Cláusulas Administrativas se prevé a modificación do contrato. No seu apartado c) sobre as circunstancias que determinan a modificación, contempla as redes de servizos ou as condicións xeotécnicas.

As modificacións propostas, atenden á circunstancia xustificativa para a modificación do contrato, recollido no apartado 14 c. das FEC: "Que no ámbito afectado polas obras aparezan **redes de servizos**, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, **condicións xeotécnicas**, estado das estruturas e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto (...)".

**Tal é o caso da obra, para as condicións do subsolo encontrado na obra e as redes de servizos afectadas soterradas (liña de media tensión), feito que non se pode ver a nivel de proxecto, detectándose so en fase de obra, unha vez comezada a mesma.**

"Atendendo ao apartado 14 b. sobre os aspectos a modificar, recóllese a posibilidade de modificacións en unidades de obra de: actuacións previas, firmes e pavimentación, rede de drenaxe, rede de saneamento, rede de abastecemento, rede de alumeadado público, rede de rego, mobiliario urbano e xardinería, sinalización, muros e estruturas". En relación a este ámbito das unidades de obra, no apartado IV, se describen as modificacións estruturadas nos capítulos establecidos no Orzamento do Proxecto.

### **III- PROPOSTA DE VARIACIÓN DE UNIDADES DO PROXECTO RELATIVO ÚNICAMENTE A ALTERACIÓN DAS MEDICIÓN REALS EXECUTADAS.**

O artigo 160.2 do RD 1098/2001, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas indica o seguinte: "



## Concello de Vigo

1. Só poderán introducirse variacións sen previa aprobación cando consistan na alteración no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que non representen un incremento do gasto superior ó 10 por 100 do prezo primitivo do contrato, imposto sobre o valor engadido excluído.

Para a creación de prezos contraditorios recollidos no presente Proxecto modificado nº 1, tomáronse os prezos referidos á data de licitación das obras e determináronse coas mesmas bases que as do proxecto orixinal aprobado, de acordo co artigo 150 do Regulamento Xeral de Contratación do Estado e a Cláusula 60 do Prego de Cláusulas Administrativas Xerais, para a contratación de Obras do Estado.

As modificacións propostas neste expediente, en base ao exposto anteriormente, cuantitativamente resultan ser superiores ao PEM, como resúmese nas táboas seguintes:

CAP.	RESUMEN	PRES INICIAL	PRES MODIF	Modificacións segúns as FEC	Variacións de medición	DIFEREN-CMP
01	ACTUACIÓNS PREVIAS	43.459,04	50.520,04	1.479,20	5.581,80	7.061,00
02	FIRMES E PAVIMENTACIÓN	296.245,29	371.073,06	9.794,60	65.033,17	74.827,77
3	MURETES PRAZA E VASOS FONTE	123.660,03	125.437,89	0,00	1.777,87	1.777,87
04	REDE DE PLUVIAIS	121.283,45	134.745,19	13.461,74	0,00	13.461,74
05	REDE DE FECALES	39.914,62	42.687,79	2.126,16	647,01	2.773,17
06	REDE DE ABASTECE-	8.110,87	7.413,11	0,00	-697,76	-697,76

CAP.	RESUMEN	PRES INICIAL	PRES MODIF	Modifica- ciones se- gún as FEC	Variacións de medi- ción	DIFEREN- CMP
	MENTO					
07	REDE DE ALU- MEADO PÚBLI- CO	170.312,23	170.312,23	0,00	0,00	0,00
08	REDE DE SE- MAFORIZA- CIÓN	91.250,13	91.250,13	0,00	0,00	0,00
09	REDE DE REGO	10.596,78	10.596,78	0,00	0,00	0,00
10	WIFI	1.154,71	1.154,71	0,00	0,00	0,00
11	XARDINERÍA	28.303,62	76.191,29	0,00	47.887,67	47.887,67
12	INSTALACIÓN HIDRÁULICA E ELÉCTRICA DE FONTES	147.032,51	153.335,05	0,00	6.302,54	6.302,54
13	MOBILIARIO URBÁN	50.821,27	50.821,27	0,00	0,00	0,00
14	SEÑALIZACIÓN	10.930,21	11.282,61	0,00	352,40	352,40
15	VARIOS	140.585,64	139688,84	0,00	-896,80	-896,80
16	SEGURIDADE E SAÚDE	19.650,00	24.699,68	5.049,68	0,00	5.049,68
17	XESTIÓN DE RESIDUOS	16.225,68	16.225,68	0,00	0,00	0,00

<b>Orzamento de Execu- ción Material</b>	<b>1.319.536,08</b>	<b>1.477.435,35</b>	<b>31.911,38</b>	<b>125.987,90</b>	<b>157.899,28</b>
13% Gastos Xenerais	171.539,69	192.066,59			
6% Beneficio Industrial	79.172,16	88.646,11			
Suma	1.570.247,93	1.758.148,05			
21% IVA	329.752,07	369.211,09			
<b>Orzamento de Execu- ción por Contrata</b>	<b>1.900.000,00</b>	<b>2.127.359,14</b>	45.949,20	181.409,98	
<b>Orzamento de Adxudi- cación (con baixa</b>	<b>1.411.890,00</b>	<b>1.580.840,58</b>	<b>34.144,85</b>	<b>134.805,75</b>	<b>168.950,60</b>

	<b>EM</b>	<b>LIQUIDO</b>	<b>%</b>
<b>Modificacións se- gún o art. 14 das FEC</b>	31.911,38	34.144,85	2,418
<b>Variacións de Me- dición segundo ar- tículo 160.2 do RD 1098/2001</b>	125.987,90	134.805,75	9,548
<b>SUMA</b>	<b>157.899,28</b>	<b>168.950,60</b>	<b>11,966%</b>



## Concello de Vigo

*En relación ás unidades de obra expostas anteriormente e recollidas no ámbito das modificacións contempladas no apartado 14 das FEC, indícase que a variación cualitativa e cuantitativa das mesmas en relación ao prezo do contrato, non supera as limitacións establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do Contrato, xa que no apartado 14d das FEC, límites da modificación, sinala que a contía máxima da modificación non superará o 20% sobre o prezo do contrato.*

*Ademais, tendo en conta o artigo 160.2 del RD 1098/2001, recóllense no presente modificado, as variacións de medicións de certas unidades existentes no proxecto orixinal, que non igualan nin exceden, en máis ou menos o 10% do prezo de adxudicación do contrato, polo que, se da cumprimento ao artigo 242 da Lei 9/2017 del 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de Febreiro de 2014.”*

7.- Polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos emítense informe de supervisión do proxecto de data 8 de novembro de 2019, que consta no expediente, do que procede transcribir o que segue:

*“... O proxecto modificado contempla novos prezos contraditorios, os que se xustifican no anexo 4 e apartado 1.4.do documento, considéranse adecuados, xa que para a súa definición, como se recolle no informe da dirección facultativa municipal respecto ao modificado: tomáronse os prezos referidos á data de licitación das obras e se determinaron coas mesmas bases que as do proxecto aprobado, de acordo co artigo 150 do Regulamento Xeral de Contratación do Estado e a Cláusula 60 do Prego de Cláusulas Administrativas Xerais para a contratación de Obras do Estado.*

*A documentación do proxecto cumpre os obxectivos do contrato de redacción e considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos legais esixidos de conformidade coa lexislación vixente e actualmente regulados no artigo 235 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.*

*A súa vez o documento técnico, de acordo co art. 233.2, a súa documentación técnica pode reducirse toda vez que a documentación completa para este tipo de proxectos, que xa constaba no proxecto que foi obxecto de aprobación e adxudicación.”*

## **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

I.- A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), establece na súa Disposición transitoria primeira que a normativa relativa aos efectos, cumprimento, extinción, modificación, duración e réxime de prórrogas, se aplicará a todos os contratos

administrativos, salvo a aqueles adxudicados con anterioridade a entrada en vigor da Lei. No presente caso, segundo consta nos antecedentes, o contrato administrativo foi adxudicado con posterioridade á entrada en vigor da LCSP, o que determina que o réxime da súa modificación rexerese pola normativa vixente.

**II.-** O artigo 190 da LCSP establece que o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezan o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ao contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

Asemade, o artigo 203.2 da LCSP contempla que os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación solo poderán modificarse durante a súa vixencia, cando se de algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se teña previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204 da LCSP;
- b) Excepcionalmente cando sexa necesario realizar unha modificación que non está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre e cando se cumpran as condicións establecidas no artigo 205.

Polo tanto, a LCSP prevé dous supostos de modificación dos contratos (artigos 204 e 205 da LCSP). No primeiro caso regúlanse as modificacións previstas na documentación que rexe a licitación e no segundo as modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación.

**III.-** En relación coa posibilidade de modificación prevista no artigo 204 da LCSP, no apartado 14 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas do contrato, aprobado pola Xunta de Goberno local en data 19 de outubro de 2018, establécese a posibilidade de modificación do mesmo nas seguintes circunstancias:

- Aspectos a modificar: As unidades de obra de actuacións previas, firmes e pavimentación, muretes e vasos fonte, rede de pluviais, fecais, abastecemento, alumeadado público, semaforización, rego, wifi, xardinería, instalacións fontes, mobiliario urbano, sinalización, seguridade e saúde da obra e xestión e tratamento de residuos da obra.
- Circunstancias que determinan a modificación:  
Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas, estado das estruturas, impermeabilizacións, soleiras e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto.  
Necesidades de adaptación ao entorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.

De conformidade co disposto no devandito artigo 204 LCSP e no Prego, as modificacións en ningún caso poderán superar o 20% do prezo inicial do contrato.



## Concello de Vigo

**IV.-** As especialidades procedimentais a seguir para a modificación dos contratos figuran reguladas con carácter xeral no artigo 207 da LCSP, figurando no artigo 242 do mesmo texto as especificacións propias das modificacións dos contratos de obra.

Tales requisitos son os seguintes:

1. Audiencia do redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes se tiveran preparado por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos para que, nun prazo non inferior a tres días, formulen as consideracións que considere convenientes (artigo 191, 207 e 242 da LCSP).
2. Informe da Asesoría Xurídica Municipal e fiscalización previa da Intervención Municipal (artigos 191 do LCSP e 102 do RLCAP)
3. Ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia nos casos de modificacións do contrato cando no estivesen previstas no prego de cláusulas administrativas e a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 % do prezo inicial do contrato, IVA excluído, e o seu prezo sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros ou cando se formule oposición por parte do contratista (artigo 191 da LCSP)

Os requisitos específicos para os contratos de obras previstos no artigo 242 da LCSP son:

1. Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, e non sexa necesario realizar unha nova licitación, os prezos aplicables ás mesmas serán fixados pola Administración, previa audiencia do contratista por prazo mínimo de tres días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que tivera fixado, executalas directamente ou optar pola resolución do contrato conforme ao artigo 211 da LCSP.
2. Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto, e se cumpran os requisitos que a tal efecto regula esta lei, recadará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que substanciárase coas seguintes actuacións:
  - a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
  - b) Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de tres días.
  - c) Aprobación do expediente polo órgano de contratación así como dos gastos complementarios precisos.

Así mesmo, recadarase o informe de supervisión de proxectos no supostos previstos no artigo 235 da LCSP (136.3 do RLCAP).

As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 (artigo 204, 206 e 242.1 da LCSP).

Deberase publicar en todo caso un anuncio de modificación no perfil do contratante do órgano de contratación, no prazo de 5 días desde a aprobación da mesma, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de tódolos informes que , no seu caso, recadaranse con carácter previo á aprobación, incluídos aqueles aportados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación (artigo 63.3 e 207.3 da LCSP).

Asemade, remitirase copia certificada ao Consello de Contas dentro dos tres meses seguintes á formalización, para o exercicio da función fiscalizadora, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros, tratándose de obras (artigo 335 da LCSP).

**V.-** Revisado o expediente administrativo constan todos os requisitos legais preceptivos. Así:

1º.- Consta informe da Dirección Facultativa, reproducido nos antecedentes da presente proposta, xustificativo da necesidade da modificación, do seu interese público, e do cumprimento das esixencias dos artigos 203, 204 e 206 da LCSP así como do apartado 14 FEC do PCAP reitor do contrato.

2º.- Consta autorización do órgano de contratación (Xunta de Goberno Local) de data 09.05.2019.

3º.- Consta no trámite 730 do expediente dixital audiencia do redactor do proxecto, sen que formulara consideracións ao mesmo.

4º.- Consta no trámite 729 do expediente dixital audiencia ao contratista sobre a modificación e os novos prezos e a conformidade deste á modificación e aos prezos das novas unidades de obra no proxecto modificado.

5º.- Consta informe favorable de supervisión do proxectos, realizado polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 08.11.2019.

6º.- Recóllense no proxecto modificado, de acordo co establecido no artigo 160 do RD 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en adiante RXLCAP) de forma separada as variacións de medicións executadas de acordo ao artigo 242.4 da LCSP.

7º.- Non é preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia (artigo 191.3b)da LCSP).

8º.- Tal e como indica o informe da Dirección facultativa a modificación realizada en base ao artigo 204 da LCSP respecta o previsto no Prego de Cláusulas Administrativas.

9º.- Con carácter previo a súa aprobación polo órgano de contratación debe emitirse:

- Informe da Asesoría Xurídica Municipal
- Informe de Fiscalización da Intervención Xeral

10º.- Unha vez aprobado o mesmo:

- Debe ser formalizado.



## Concello de Vigo

- Debe reaxustarse a garantía definitiva ao producirse variación no prezo no prazo de 15 días dende a notificación do acordo de modificación (artigo 109.3 d LCSP)
- Deberá facerse pública a información da modificación (artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno)

**VI.-** Procede elevar, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda da LCSP a seguinte proposta de acordo:

1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 das obras de **“MELLORA DO ENTORNO DA PRAZA AMÉRICA”** redactado polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos D. Jerónimo Centrón Castaños e D. Xacobe Paz Salgado, cun importe adicional de 157.899,28 € de Orzamento de Execución Material, o que supón un incremento adicional líquido de 168.950,60 €, supoñendo un 2,42% sobre o prezo de adxudicación por causas xustificadas contempladas no apartado 14 das FEC e un 9,55% por variacións de medicións (artigo 242 da LCSP).

2º.- Autorizar o gasto con cargo á partida orzamentaria 1532.619.00.77 a cal conta con crédito adecuado e suficiente.

3º.- Reaxustar a garantía definitiva con carácter previo á formalización do contrato.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(1106).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ADDENDA Nº 2 AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS DE RENOVACIÓN DE FIRMES EN VIAIS MUNICIPAIS DAS DIFERENTES PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 77457/250.**

Visto o informe xurídico de data 13/12/19 e informe de fiscalización do 18/12/19, dáse conta do informe-proposta do 16/12/19, asinado pola técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe da Área de Investimentos e o concelleiro de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

I.- O 20 de novembro de 2015, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo asinaron o Protocolo de Colaboración para a execución de actuacións estratéxicas en infraestruturas viarias e dotacionais que melloren os servizos da cidadanía en ámbitos prioritarios. A colaboración pactada debería concretarse a través de convenios especiais reguladores das diferentes actuacións.

II.- En data 11 de agosto de 2016 formalizouse o Convenio de Colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra co fin de establecer o réxime de colaboración entre ambas institucións para o financiamento e execución dos proxectos de substitución de firmes en concretos viais municipais das diferentes parroquias do Concello

de Vigo, cun prazo de vixencia de catro anos desde a súa sinatura.

**III.-** Con data 15 de maio de 2018, foi asinada unha Addenda ao citado Convenio, coa finalidade de aproveitar as economías derivadas das baixas producidas nas licitacións realizadas para a execución dos proxectos obxecto do convenio inicial, que ascenderon á cantidade de 382.896,08 €, e aplicalas, xunto con novas achegas do Concello de Vigo, por importe de 157.426,68 €, ao financiamento doutros proxectos de substitución de firmes en viais doutras parroquias do termo municipal, non previstos no convenio inicial, necesitados tamén de mellora; viais que se especifican no texto da Addenda.

**IV.-** Con data 15.11.2019, o Xefe de Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas e o Xefe da Área de Investimentos do Concello de Vigo emiten informe sobre a conveniencia de dar continuidade ao "*Plan municipal de substitución do firme nas vías das parroquias do Concello de Vigo*", para o cal contase cunha memoria técnica valorada realizada pola Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos e o Xefe de Servicio Vías e Obras e Infraestruturas do Concello de Vigo, na cal estimase o carácter prioritario de actuacións en distintas vías das parroquias de Vigo cunha estimación orzamentaria de 1.000.000,00 €. Por conseguinte e tendo en conta o estipulado na Clausula Octava do Convenio de referencia, propón á Comisión de Seguimento do Convenio a formalización dunha segunda ADDENDA que posibilite o impulso de novas actuacións vinculadas ao "*Plan municipal de substitución do firme nas vías das parroquias do Concello de Vigo*".

**V.-** A Comisión de Seguimento reunida en data 15.11.2019 acordou por unanimidade aprobar unha proposta técnica para asinar unha nova addenda ao Convenio, co seguinte contido e dar traslado do mesmo ao Concello de Vigo e a Diputación de Pontevedra:

*"PRIMEIRO: O obxecto da presente addenda é o de dar continuidade ó convenio asinado para a execución de obras de substitución de firmes en viais municipais das diferentes parroquias do Concello de Vigo, incluíndo novas actuacións e o seu réxime de financiamento.*

*As actuacións obxecto desta addenda enmárcanse na memoria técnica valorada realizada polo Enxeñeiro de camiños, canais e portos do Concello de Vigo, na cal estimase co carácter prioritario de actuacións en distintas via das parroquias de Vigo cunha estimación orzamentaria de 1.000.000,00 €. As actuacións vinculadas a este plan contemplan de forma xeral; renovación dos firmes dos viais co obxectivo de mellorar a seguridade vial e peonil, así como mellorar os enlaces cos viarios adxacentes, a adaptación dos rexistros existentes á cota final do pavimento e reposición da sinalización horizontal.*

*SEGUNDO.- Financiamento:As obras ás que se refire o presente convenio serán financiadas pola Deputación Provincial.*

*A Deputación provincial obrígase a achegar ó Concello de Vigo o importe correspondente o custe da contratación da execución das obras ata a cantidade máxima de UN MILLÓN DE EUROS (1.000.000,00 €).*





## Concello de Vigo

*O financiamento comprometido en relación as obras licitadas, atenderá ao importe definitivo derivado da certificación final das obras executadas, o cal terá como límite máximo o importe acordado, e o seu pagamento realizarase contra a aplicación 2019/942.9420.762.14 do vixente orzamento provincia 2019*

*No caso de que os investimentos realizados teñan un custo inferior ó inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade dos proxectos, a contía da achega reducirase proporcionalmente.*

*TERCEIRO.- As partes co obxecto de dar continuidade ás actuación iniciadas, acordan estender a vixencia do Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación de Pontevedra e o Excmo. Concello de Vigo para a execución das obras de substitución de firmes en viarios municipais en diferentes parroquias do Concello”, ata o remate das actuación que se recollen nos proxectos técnicos sen exceder, en todo caso a data de 11 de agosto de 2021. A presenta addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.*

*As partes comprométense a realizar os axustes orzamentarios necesarios para manter os compromisos económicos establecidos no convenio en relación ó novo período de vixencia*

*CUARTO: Incidencias na execución das obras: O Concello de Vigo na súa responsabilidade de redacción de proxectos, así como da contratación e execución, Dará conta a Deputación de Pontevedra da aprobación dos mesmos e demais obrigas recollidas no marco do convenio inicial, tendo en conta que o importe previsto nesta addenda para a financiación da actuación ten a consideración de máximo, polo cal, calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das mesmas, por causas imprevistas, e que obriguen a unha modificación dos proxectos con incremento da obra ou de producirse unha liquidación por excesos de medición que derive nun gasto superior ao importe a financiar pola Deputación de Pontevedra, será asumida polo Concello de Vigo”.*

**VI.-** A Xunta de Goberno Local da Deputación Provincial de Pontevedra aprobou a sinatura da Addenda de referencia, en data 29 de novembro de 2019, co texto que figura na parte dispositiva do acordo, que figura no expediente.

**VII.-** Mediante Decreto do Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, de data 3 de decembro de 2019, se inicia o expediente para a aprobación da Addenda 2 ao Convenio.

**VIII.-** A Memoria subscrita polo Xefe da Area de Investimentos e o Xefe de Servizo Vías e Obras e Infraestruturas con data 9 de decembro de 2019 xustifica a necesidade da Addenda nº 2 ao devandito Convenio, a suficiencia das achegas económicas comprometidas á finalidade do mesmo e o cumprimento dos principios estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

**IX.-** O Xefe dos Servizos Xurídicos da Área de Servizos Xerais con data 12 de decembro de 2019 emite informe xurídico favorable á aprobación da addenda nº2 ao Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para a

renovación de firmes en viais municipais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo.

## FUNDAMENTOS

**I.-** A celebración de convenios de colaboración entre entidades de dereito público, atópase prevista nos artigos 48.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Públicos, 86 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, 111 do TRRL, 34 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público e 310 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia. Segundo esta normativa, as Administracións Públicas poderán celebrar acordos pactos e convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado sempre que non sexan contrarios ao Ordenamento Xurídico ou versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule.

**II.-** En canto ó seu contido, axustado á lexislación de procedemento administrativo e de subvencións, detállase no informe xurídico obrante no expediente.

En concreto, a addenda n.º 2 ao Convenio de colaboración ten por finalidade a extensión da actuación inicial para asegurar o funcionamento doutros viais, que se especifican no texto da Addenda, que entrarían a formar parte do obxecto do Convenio coa incorporación de novas achegas económicas da Diputación Provincial de Pontevedra destinadas ao seu financiamento. A Deputación provincial obrígase a achegar ó Concello de Vigo o importe correspondente o custe da contratación da execución das obras ata a cantidade máxima de un millón de euros (1.000.000,00 €).

O Concello de Vigo, asumiría a responsabilidade de redacción de proxectos, así como da contratación e execución. Ademais, manterá todas as obrigas recollidas no marco do convenio inicial.

**III.-** En canto ao prazo, a Addenda n.º 2 amplía un ano mais o prazo de catro anos inicialmente previsto no Convenio, axustándose aos límites e requisitos establecidos no artigo 49 da Lei 40/2015, que establece que o prazo máximo de vixencia do convenio é de catro anos, puidéndose prorrogar, antes da finalización do prazo por acordo unánime por un período de ata catro anos.

**IV.-** O interese xeral e a conveniencia na concertación da addenda n.º 2 ao Convenio, recóllese na Memoria xustificativa da addenda convenio, documento obrigado segundo sinala o art 199 LALG e artigo 50 da LRXSP.

**V.-** Respecto o procedemento e competencia: a aprobación da addenda debe seguir os mesmos trámites que a aprobación do convenio. Constan no expediente de aprobación os documentos necesarios para a súa tramitación: informe técnico xustificando a addenda n.º 2 e texto proposto, resolución de inicio, informe xurídico, así como acordo de aprobación da mesma pola Deputación Provincial de Pontevedra.

O artigo 25. 2. d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, na redacción dada pola lei 27/2013, atribúe ás Administracións municipais competencia en materia de infraestrutura viaria.



## Concello de Vigo

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación da Addenda ao convenio. Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello.

**VI.-** O art. 8.1. letra “b” da Lei de transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprrobe, e tamén da addenda que agora se propón a aprobación.

De acordo co artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, dentro dos tres meses seguintes á sinatura a mesma deberá ser remitida electrónicamente ao Consello de Contas de Galicia, ao superar os compromisos económicos asumidos os 600.000 euros. Igualmente deberá comunicarse ao consello de Contas de Galicia, cantas modificacións, prórrogas ou variacións de prazos, alteración dos importes dos compromisos económicos que se poidan producir, así como a extinción do convenio indicados.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

### PROPOSTA

**Primeiro.-** Aprobar a Addenda nº 2 ó “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución de obras de renovación de firmes en viais municipais das diferentes parroquias do Concello de Vigo”, texto transcrito como Anexo I.

**Segundo.-** Dar conta do presente acordo á Deputación Provincial de Pontevedra para proceder á sinatura da addenda por ambas entidades.

**Terceiro.-** Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión Municipal aos efectos de publicidade.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ADDENDA Nº2 AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DE FIRMES EN VIAIS MUNICIPAIS NAS DIFERENTES PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO”

En Vigo, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2019

### REUNIDOS

*Dunha parte, D<sup>a</sup> María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.*

*Doutra, D. Abel Caballero Álvarez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.*

*Actúan D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, e D<sup>a</sup> María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.*

*Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,*

#### EXPOÑEN

*I.- Que con data 11 de agosto de 2016, o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron o "Convenio de colaboración para a execución de firmes en viais municipais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo".*

*O obxecto do citado convenio consistía en establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións para o financiamento da execución dos proxectos de obras de substitución de firmes nos viarios que se relacionaban na parte expositiva do citado convenio.*

*Para a execución do citado convenio, a Deputación Provincial obrigouse a achegar o importe máximo de novecentos dous mil cento cuarenta e catro euros con noventa e seis céntimos (902.144,96 €)*

*II.- Con data 15 de maio de 2018, foi asinada unha "ADDENDA", ao citado convenio, coa finalidade de aproveitar as economías derivadas das baixas producidas nas licitacións realizadas para a execución dos proxectos obxecto do convenio inicial, que ascenderon á cantidade de 382.896,08 €, e aplicalas, xunto con novas achegas do Concello de Vigo, por importe de 157.426,68 €, ao financiamento doutros proxectos de substitución de firmes en viais doutras parroquias do termo municipal, non previstos no convenio inicial, necesitados tamén de mellora; viais que se especifican no texto da addenda.*

*III.- O Concello de Vigo, continuando as amplas intervencións realizadas nos últimos anos nas vías públicas, tanto na zona rural como no casco urbano, pretende dar continuidade ao "plan municipal de substitución do firme nas viais das parroquias do Concello de Vigo", para o cal cóntase cunha memoria técnica valorada realizada polo Enxeñeiro de camiños, canais e portos do Concello de Vigo, na cal estímase co carácter prioritario de actuacións en distintos viais das parroquias de Vigo cunha estimación orzamentaria de 1.000.000,00 €. As actuacións vinculadas a este plan contemplan de forma xeral; renovación dos firmes dos viais co obxectivo de mellorar a seguridade vial e peonil, así como mellorar os enlaces cos viarios*



## Concello de Vigo

*adxacentes, a adaptación dos rexistros existentes á cota final do pavimento e reposición da sinalización horizontal.*

*IV.- As partes de mutuo acordo recoñecen a necesidade de colaborar para posibilitar unha extensión da actuación inicial do convenio inicial para asegurar o funcionamento doutros viarios que entrarían a formar parte do obxecto do citado convenio; con isto, dentro da vixencia do actual convenio, permitiríase cubrir unha serie de obxectivos estratéxicos, tales como: a consolidación dunha rede de infraestruturas viarias, así como a mellora das súas condicións e da súa capacidade funcional.*

*V.- Que, de acordo coas precedentes consideracións, dada a coincidencia de obxectivos e o interese común de ambas administracións de propiciar estas novas actuacións de mellora de firmes en outros viarios das parroquias de Vigo, acordaron aprobar unha addenda nº 2 ao convenio de colaboración, con arranxo ós seguintes:*

### PACTOS

*PRIMEIRO.- Obxecto da Addenda.*

*O obxecto da presente addenda é o de dar continuidade ó convenio asinado para a execución de obras de substitución de firmes en viarios municipais das diferentes parroquias do Concello de Vigo, incluíndo novas actuacións e o seu réxime de financiamento.*

*As actuacións obxecto desta addenda enmárcanse na memoria técnica valorada realizada polo Enxeñeiro de camiños, canais e portos do Concello de Vigo, na cal estímase co carácter prioritario de actuacións en distintas vías das parroquias de Vigo cunha estimación orzamentaria de 1.000.000,00 €. As actuacións vinculadas a este plan contemplan de forma xeral; renovación dos firmes dos vias co obxectivo de mellorar a seguridade vial e peonil, así como mellorar os enlaces cos viarios adxacentes, a adaptación dos rexistros existentes á cota final do pavimento e reposición da sinalización horizontal.*

*SEGUNDO.- Financiamento.*

*As obras ás que se refire o presente convenio serán financiadas pola Deputación Provincial.*

*A Deputación provincial obrígase a achegar ó Concello de Vigo o importe correspondente o custe da contratación da execución das obras ata a cantidade máxima de UN MILLÓN DE EUROS (1.000.000,00 €).*

*O financiamento comprometido en relación as obras licitadas, atenderá ao importe definitivo derivado da certificación final das obras executadas, o cal terá como límite máximo o importe acordado, e o seu pagamento realizarase contra a aplicación 2019/942.9420.762.14 do vixente orzamento provincial.*

*No caso de que os investimentos realizados teñan un custo inferior ó inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade dos proxectos, a contía da achega reducirase proporcionalmente.*

*TERCEIRO.- Vixencia.*

*As partes, co obxecto dar continuidade ás actuacións iniciadas, acordan estender a vixencia do “Convenio de Colaboración entre a Excm. Deputación de Pontevedra e o Excmo. Concello de Vigo para a execución das obras de substitución de firmes en viarios municipais en diferentes parroquias do Concello” ata o remate das actuacións que se recollen nos proxectos técnicos sen exceder, en todo caso, a data de 11 de agosto de 2021. A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.*

*As partes comprométense a realizar os axustes orzamentarios necesarios para manter os compromisos económicos establecidos no convenio, en relación ó novo período de vixencia.*

*Non obstante, a vixencia do convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes asinantes, no caso de que non rematasen as obras obxecto do mesmo.*

*CUARTO.- Incidencias na execución das obras.*

*O Concello de Vigo na súa responsabilidade de redacción de proxectos, así como da contratación e execución, dará conta a Deputación de Pontevedra da aprobación dos mesmos e demais obrigas recollidas no marco do convenio inicial, tendo en conta que o importe previsto nesta addenda para a financiación da actuación ten a consideración de máximo, polo cal, calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das mesmas, por causas imprevisas, e que obriguen a unha modificación dos proxectos con incremento da obra ou de producirse unha liquidación por excesos de medición que derive nun gasto superior ao importe a financiar pola Deputación de Pontevedra, será asumida polo Concello de Vigo.*

*QUINTO.- Información ao Consello de contas.*

*En consonancia co recollido no artigo 53 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e da súa normativa de desenvolvemento (instrución do Tribunal de Contas-Resolución de 2 de decembro de 2016), as partes deberán informar ao Consello de contas da subscripción da presente addenda, debendo realizarse esta obriga no prazo de tres meses dende a sinatura.*

*E, como proba de conformidade, asinan o presente Convenio, por duplicado exemplar e a un só efecto, na data e lugar sinalados na cabeceira.*

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás doce horas e cincuenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez